

Licenzas de formación curso 2018/2019

A convocatoria mantén os aspectos negativos doutras. Solicitamos que se recuperen os anos sabáticos, as licenzas para realización de teses e mestrados ou para remate de graos. **Non o aceptan.** Tal como se presentan, entendemos que son licenzas convocadas para satisfacer as necesidades da Consellería, non ás do profesorado.

Tamén se deberían recuperar as licenzas sen retribuír. **Non o aceptan**

Como noutras convocatorias, incídese na elaboración de materiais en lingua estranxeira pero non se fai alusión á elaboración de materiais en lingua galega. **A Consellería esquece que segue sendo unha lingua en retroceso e que precisa unha discriminación positiva.**

A oferta de horas é moi baixa, cremos que o caso concreto de 1 mes é totalmente insuficiente para calquera modalidade das ofertadas. Cando menos no caso dos grupos, deberíanse sumar as horas de cada unha das persoas.

ARTICULADO.

Artigo 1

Valoramos a inclusión xa en anteriores convocatorias do profesorado interino tal como viña solicitando a CIG-Ensino. Porén queremos dar un paso máis adiante consonte coa lexislación europea e solicitamos que non se faga mención aparte do profesorado interino nas ordes de prelación establecidas. Solicitamos que só se manteña a orde de prelación no que se refire a quen gozou ou non nos dous anos anteriores da licenza. **Non o aceptan.**

A desigualdade de trato ao profesorado interino faise máis acuciante na nova distribución da prelación nas modalidades de grupo: a existencia dunha persoa interina tal como se propón, supón que o resto dos membros do grupo perdan posibilidades de acadar a licenza como se esa persoa fose unha rémora o que provocará, en moitos casos, a non inclusión do profesorado interino nos grupos. Non se debería ter en conta a presenza no grupo dunha

persoa interina como factor de penalización. **Non o aceptan**

En calquera caso a terminoloxía empregada é confusa: faise referencia a “persoal docente funcionario” ou “interino”, desta forma non se inclúe en ningún grupo ao profesorado en prácticas que tamén ten dereito a solicitar a licenza. De querer diferenciar, haberá que distinguir entre persoal funcionario de carreira, en prácticas e interino (todo el “funcionario”).

En canto á duración das licenzas por modalidades expresada en meses, consideramos que sendo 32.000 docentes, cando menos teriamos que chegar ao dobre da oferta (de 500 a 1000 meses). **Non o aceptan, din que chegan coas prazas ofertadas.**

Artigo 2

Na **modalidade 1** cambiose a redacción respecto da anterior convocatoria de maneira que se aclara que “todos os materiais curriculares deberán incluír aspectos tanto de atención á diversidade como de convivencia neste nivel”. Consideramos que é fundamental incluír explicitamente a “coeducación”. Débese corrixir neste mesmo sentido a redacción da **modalidade 2** e de ambas modalidades cando se fai referencia a elas no anexo IV. **Aceptan a modificación proposta.**

As **modalidades 3 e 4** deberían estar pensadas para a nosa lingua, non para as estranxeiras. Con respecto a estas, non se inclúe no borrador o anexo VIII coa información sobre os módulos.

En canto á **modalidade 5** consideramos un abuso que o profesorado elabore o material e que despois se comprometa a realizar a titoría dos cursos de ser o caso segundo o establecido no anexo V que por certo non se inclúe no borrador. En calquera caso, gustaríanos saber se por esa titoría se vai percibir ou non unha remuneración ou se vai ter exención de docencia durante a impartición do mesmo.

Non entendemos que a concesión da licenza quede supeditada á avaliación positiva da formación específica sobre o deseño e creación dun curso na

Rede en Platega, cando para a elaboración do proxecto se esixe a entrega dun módulo completo elaborado, segundo consta no anexo IV, apartado 3.

Na **modalidade 6** non debería estar ligada ao compromiso de promover sección bilingües ou plurilingües.

Valoramos positivamente que se introduciuse unha aclaración en canto á duración semanal dos cursos realizados non estranxeiro, o mínimo de 20 sesións de 45m cada unha. O descoñecemento deste criterio interno fixo que algunhas persoas non acadasen a licenza segundo comprobamos na comisión de selección. A este respecto queremos facer constar que se se vai aplicar algún outro criterio interno en canto a número de horas de formación, débese explicitar no anexo IX (criterios de valoración) non cal a modalidade 6 é a única que non ten cabida.

Concrétanse tamén na convocatoria deste curso a preferencia de países da UE, EEUU e Canadá; por que, preguntámonos, non entran nesta preferencia os países lusófonos? Parece que se prefire a lingua estranxeira inglesa fronte á portuguesa. [Achácano a abusos con viaxes a certos países -ioga en inglés na India-, non aceptan modificar a redacción.](#)

En canto á novidade na convocatoria de introdución dunha proba pola que se poida acreditar como mínimo un nivel superior do Marco común europeo posterior á licenza, queremos facer fincapé en varios aspectos:

1. Cando menos nas licenzas máis curtas de 1 mes consideramos imposible acadar un nivel superior ao acreditado no momento de presentación da solicitude.
2. Queremos saber quen vai facer esa proba, se a Administración ou empresas alleas á mesma que como sabemos fan habitualmente probas de nivel recoñecidas. Consideramos que, de habela, debe xestionarse desde as EOIs.
3. Preséntase como unha proba obrigatoria porque de non facela penalízase coa non posibilidade de presentación en futuras convocatorias. Estamos en contra da súa realización pero en caso de habela que sexa, cando menos, voluntaria.

Artigo 6

A comisión de selección debe ser por sorteo e integrada por profesorado. [Non o aceptan](#)

Reclamamos que se convoquen as organización sindicais para as reunión das subcomisións en caso

de realizarse xa que temos dereito a asistir. [Din que a subcomisión non se reúne nun momento determinado pero que temos acceso a toda a información](#)

Artigo 7

Nos criterios de desempate consideramos que se deberían priorizar os servizos docentes en primeiro lugar, logo a formación e por último o proxecto.

Artigo 10

No apartado b.1.4. solicitamos que se nos explique por que un documento técnico ten que estar en galego e castelán.

BAREMO

O proxecto debe baixar a 10 puntos e ser necesario acadar 4 puntos e non 8 para acceder á licenza. Nos “servizos docentes” débese incrementar a puntuación de 10 a 15 puntos. En “formación” débese incrementar de 6 a 8 puntos e que se puntúe 0,2 puntos por cada 10 horas de formación impartida (en vez de 0,10).

ANEXO IV

Ademais da redacción comentada ao principio das mod. 1 e 2 en canto á atención á diversidade, convivencia e coeducación, débese recoller que o proxecto se faga en lingua galega.

Cando se refire á modalidade 5 , engádese a obriga de entregar desenvolto un módulo con todos os seus compoñentes; nun curso de 6 módulos xa se realizou un traballo considerable antes de saber se se vai acadar a licenza. No apartado 2 desta mesma modalidade falta a palabra “negativa”, onde se explica a repercusión de non cumprimento co compromiso de entregas. No apartado 6 indícase que se realizará no primeiro trimestre mentres que no artigo 2º da orde, cando se trata esta modalidade, dise que se realizará no 2º trimestre. Non coincide o período de realización do articulado co do anexo.

Recordámoslle á Admón. que a substitución das persoas que acadan a licenza debe ser inmediata. Tamén queremos insistir en que a oferta é moi reducida, en que se deben recuperar as licenzas para realización de teses, remate de graos e mestrados. Así mesmo denunciemos a excesiva preocupación da Consellería de Educación pola aprendizaxe de linguas estranxeiras mentres que desatende o impulso para a superación de espazo perdido da nosa lingua. [Destacar que a Consellaría non entende que deba defender a normalización lingüística como tema a tratar, “xa se fan en galego os documentos”.](#)